



*Fundación Fernando
Blanco de Lema*

PREMIOS ACADÉMICOS FERNANDO BLANCO CURSO 2016 – 2017

A Fundación Fernando Blanco de Lema e o I.E.S. Fernando Blanco de Cee convocan os **PREMIOS ACADÉMICOS FERNANDO BLANCO** correspondentes ao **CURSO 2016-2017**.

BASES

1) Entregaranse un total de 5 Premios Académicos destinados aos mellores expedientes académicos dos seguintes cursos:

- 3º da E.S.O;
- 1º de Bacharelato;
- 1º de Ciclo Medio;
- 1º de Ciclo Superior;
- 1º de F. P. Básica.

2) Os/As alumnos/as que opten a estes Premios Académicos deberán ter todas as materias aprobadas en xuño, cunha nota media mínima de 8,5. Para iso expedirase un certificado da media aritmética na secretaría do centro, coa confirmación de ser a máis alta do curso correspondente.

3) Será requisito imprescindible para acadar os Premios Académicos o matricularse no curso seguinte correspondente no I.E.S. Fernando Blanco de Cee.

4) Non poderá ser merecedor/a dun Premios Académico ningún alumno/a que sexa considerado/a responsable dunha conduta contraria á convivencia.

5) Os casos de empate entre os mellores expedientes dun mesmo curso resolveranse do seguinte xeito:

-5.1. En primeiro lugar, comparárase a nota media final ata o 4º decimal.



Fundación Fernando Blanco de Lema

-5.2. No caso dos cursos de 3º da E.S.O. e 1º de Bacharelato, se persistise o empate, comprobarase a nota media final do curso inmediatamente anterior. É dicir, se houberse empate na nota media final dos alumnos de 3º da E.S.O, comprobaríase a nota media final dos mesmos alumnos en 2º da E.S.O. E, do mesmo xeito, no caso de empate na nota media final dos alumnos de 1º de Bacharelato, comprobaríase a nota media final dos mesmos alumnos en 4º da E.S.O.

-5.3. No caso do Ciclos Formativos de Formación Profesional, a nota media obtida multiplicarase polo coeficiente resultante de dividir o número de horas dos módulos formativos cursados entre as horas totais de todos os módulos formativos dese curso.

A igual nota media, terá prioridade o/a alumno/a que teña máis horas cursadas.

-5.4. Por último, e no caso de seguir persistindo dito empate, recorreríase ao criterio de desempate na puntuación total atendendo ás letras do primeiro e segundo apelido, resultantes do sorteo da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que estea en vigor no momento da concesión dos Premios Académicos.

6) No suposto caso de que nalgún curso o Premio Académico quedase vacante por non acadarse a nota media final mínima esixida (8,5), resolverase da seguinte maneira:

-6.1. Se queda vacante o Premio Académico de 3º da E.S.O., entregaríase a mesma ao mellor expediente do curso de 2º da E.S.O, sempre e cando se acade a nota media final mínima (8,5).

-6.2. Se queda vacante o Premio Académico de 1º de Bacharelato, entregaríase a mesma ao mellor expediente do curso de 4º da E.S.O, sempre e cando se acade a nota media final mínima (8,5).



*Fundación Fernando
Blanco de Lema*

-6.3. Se queda vacante o Premio Académico de 1º de F. P. Básica, entregaríase a mesma ao mellor expediente do Módulo II da E.P.A (coa condición de que o/a alumno/a estea matriculado/a nun mínimo de dous ámbitos, e se matricule no III módulo no seguinte curso), sempre e cando se acade a nota media final mínima (8,5).

-6.4. Se quedase vacante o Premio Académico de 1º de Ciclo Medio, entregaríanse dous Premios Académicos en 1º de Ciclo Superior (aos dous mellores expedientes, sempre que se acade a media final mínima de 8,5).

-6.5. Se quedase vacante o Premio Académico de 1º de Ciclo Superior, entregaríanse dous Premios Académicos en 1º de Ciclo Medio (sempre que se acade a nota media final mínima de 8,5).

-6.6. Por último, e no caso de non poder concederse algún dos Premios Académicos por non cumprirse o anterior, ese Premio Académico sería acumulable ao outros catro, de tal maneira que se lle concedería á seguinte mellor nota de tódolos cursos que optan a estes galardóns.

7) Cada un dos Premios Académicos estará valorada en 500 € (parte en metálico e parte en vales de compra). Os vales de compra deberán de ser consumidos no período que vai dende o día 21 de outubro ao día 18 de novembro de 2017.

8) A entrega dos Premios Académicos celebrarase o día 20 de outubro de 2017 no salón de actos do I.E.S. Fernando Blanco.